



*Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da Confraría de pescadores de Muxía*

#### *Antecedentes*

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/52-1), modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Muxía (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 13 embarcacións con 31 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2022-2024.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 12 embarcacións e 28 habilitacións.

2. O 30.08.2023 esta xefatura territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Muxía para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas. As cotas de captura restantes, ata acadar o número máximo de participantes aprobado, serán obxecto de convocatoria da creación dunha lista aberta para as embarcacións incluídas no plan de xestión e ofertaranse de acordo coa orde de prelación que ocupen na dita lista para o incremento do número de cotas de captura.

3. O 05.09.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para unha (1) embarcación e dous (2) tripulantes habilitados con dereito a cota para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do Plan de xestión de percebe da Confraría de pescadores de Muxía.

4. O proceso selectivo rematou o 10.10.2023 logo da Resolución desta xefatura territorial pola que se lle outorgou á embarcación NAIARA (3ª VI-1 1-16), única participante no dito

**Xefatura Territorial da Coruña**  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)





proceso selectivo, a posibilidade de optar á modalidade do recurso específico PERCEBE coa única asignación posible de dúas (2) cotas para percebeiros/as con habilitación.

A modalidade do recurso específico PERCEBE asignouse á embarcación seleccionada, polo que o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan era de 13 embarcacións e 30 habilitacións.

5. A Resolución do 23.10.2023 desta xefatura territorial abriu o prazo de presentación solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Muxía.

6. O proceso de elaboración da lista indicada no punto anterior rematou mediante a resolución do 12.01.2024 desta xefatura territorial pola que se aprobou a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

7. O 17.01.2024 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se ofertou a cota de captura vacante de acordo ca orde de prelación establecida na lista aberta.

O 08.02.2024 outorgouse á embarcación LOLA (CO-4 1075) a cota de captura ofertada logo de chegar a documentación precisa para aceptala.

#### *Consideracións legais e técnicas*

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. O apartado C.1 do Anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 establece que ás embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión asignaráselles 5 puntos na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

Logo do outorgamento dunha cota de captura, a embarcación LOLA (CO4 1075) pasou a dispor de dúas (2) cotas de captura e así quedou reflectido no novo Permiso de explotación, polo que cómpre modificarlle a puntuación correspondente ao apartado C.1 do baremo e actualizar a súa puntuación na lista.

4. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.





As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, achegando a esta a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente pola xefatura territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

6. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial

#### RESOLVE:

1. Actualizar a lista aberta coas puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións integrantes da Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da Confraría de pescadores de Muxía (anexo I).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e no da confraría de pescadores de Muxía.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial  
M<sup>a</sup> José Cancelo Baquero  
(sinatura electrónica)





## ANEXO I

### CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA. LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE (ordenadas por orde de puntuación).

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
LOLA	CO-4	1075	0,00	4,00	1,00	<b>5,00</b>
SIRENA DEL MAR	CO-4	1722	0,00	0,00	1,00	<b>1,00</b>
ANA	CO-4	1803	0,00	0,80	0,00	<b>0,80</b>

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

**TOTAL:** puntos acadados en total.

• **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**

• **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**  
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas seleccionadas sexan armadoras ou propietarias doutras embarcacións que xa posúan as modalidades de marisqueo de vara ou de recursos específicos no seu permiso de explotación. **A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.**

a) **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

a) Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

b) Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

**A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**

